



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 20 DE OUTUBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00046551B.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024498S.

Proposta Acordo Ampliar prazo execución obra.

Concederlle á empresa CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L. unha ampliación de seis semanas do prazo de execución das *Obras de remate da rehabilitación Ponte Vella da Rocha*.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033263V.

Adxudicar "Execución do proxecto de adecuación, selado e clausura do vertedoiro de Aríns" a favor da empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS SL

Acórdase:

Primeiro. Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato con cargo a aplicación orzamentario 020 31100 6220000 - 2020 2 VERTE 5.

Segundo. Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, por un importe de **842.424 euros** (696.218,18 euros + IVE 21%: 146.205,82 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un xefe de obra técnico titulado superior a xornada completa, dous técnicos adicionais (topógrafo e xeólogo), a posta a disposición do Concello dunha caseta ou espazo habilitado con medios informáticos e sala de reunións, unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 1% do orzamento de control de calidade e do 1% no programa de actuación ambiental.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00036280K.

Adxudicación do contrato "Subministración, instalación, posta funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de alumeado do Nadal 2021 e 2022 a ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L."

Acórdase:

Primeiro. Adxudicarlle o contrato que ten por obxecto a subministración, instalación, posta funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos de alumeado do Nadal 2021 e 2022 a ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. por un importe total de **495.495,00 euros**.

Segundo: Comprometer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 060 33800 2030000 coa seguinte desagregación por anualidades:

2021: 202.706,21 €

2022: 251.131,85 €

2023: 41.656,94 €